

---

**Xosé Ramón Freixeiro Mato, *A poesía oculta de Filgueira Valverde. Guerra Civil, literatura franquista e galeguismo n' O Gaiteiro de Lugo*. 2015, A Coruña, Baía Edicións, 125 páxinas.**

---

Data de recepción: 03/06/2016 | Data de aceptación: 30/06/2016

O principal obxectivo dos expertos de calquera disciplina científica é a averiguación da verdade, sexa cal for. Este é, nin máis nin menos, o labor que realiza nesta obra Xosé Ramón Freixeiro Mato: un contributo para botar luz sobre a autoría duns textos poéticos atribuídos a Noriega Varela mais que, como fica demostrado ao longo d' *A poesía oculta de Filgueira Valverde*, foron obra do polígrafo pontevedrés. O desbotamento de hipóteses filolóxicas e a súa substitución por outras novas son un exercicio común en calquera literatura consolidada. Por tanto, un estudo desta natureza contribúe para darnos máis outro paso no atinximento dun sistema plenamente normalizado. O profesor Freixeiro, como estudioso da obra de Noriega Varela, a quen dedicou a súa tese de doutoramento en 1992 xunto cunha edición completa da súa obra poética (Freixeiro Mato, 1994), era o investigador máis axeitado e lexitimado para o realizar. Con isto, o profesor da UDC e autor da *Gramática da lingua galega* (2006) procura simplemente dar “a Noriega o que é de Noriega e a Filgueira o que é de Filgueira” (p. 13).

O contexto da Guerra Civil española e os anos inmediatamente posteriores provocou no noso país, de onde a contenda armada estivo ausente, unha brutal represión cara a aquelas persoas que non fosen aíns ao novo réxime ou á súa ideoloxía. Isto causou o exilio de moitos galeguistas de esquerdas e o asasinato doutros. No tocante aos escritores galegos a ficaren na Galiza, tiveron de abandonar a escrita en galego e, por suposto, as actividades políticas contrarias ao réxime. En troca, outros moitos escritores abandonaron temporalmente a produción literaria en galego, quer para evitaren ser represaliados, quer por adhesión ideolóxica ao novo réxime. Neste contexto xorden os tres poemas cuxa autoría examina Freixeiro Mato, redixidos nos tres anos inmediatamente posteriores ao inicio da contenda e publicados na modesta embora centenaria publicación anual *O Gaiteiro de Lugo*, de que tanto Noriega canto Filgueira foran directores e participantes activos. Estes poemas realizan unha apoloxía do golpe de estado contra a legalidade da República Española e do xeneral Franco, que acabaría por se manifestar como o seu líder e que sería o xefe do Estado español durante case catro décadas.

O autor estrutura o traballo por volta da natureza dos distintos estudos realizados, con que procura demostrar que a autoría destes textos non pertence a Noriega senón

a Filgueira. Así pois, após un “Limiar” en que explica os prolegómenos e os obxectivos do traballo, comeza con tres capítulos en que introduce e contextualiza os tres poemas que constitúen o obxecto de estudo (capítulo 1), ben como un repaso do percurso dos dous autores implicados durante a Guerra (capítulo 2) e d’*O Gaitero de Lugo* durante a década de 30 (capítulo 3). No capítulo 4 inclúe unha reprodución dos poemas analizados, os tres “Xuicios do Ano” publicados nos anos de 1937, 1938 e 1939. A seguir, principia o corpo da obra coas “Razóns que negan a autoría de Noriega Varela” (capítulo 5) e as “Razóns da atribución a Filgueira Valverde” (capítulo 6). Por fin, remata o libro coa “Conclusión”, en que reafirma todo o dito e dá por cumpridos os obxectivos perseguidos.

No capítulo 1, “Tres poemas na procura de autor” (páxs. 9-13), o autor trata os antecedentes do obxecto de estudo e, aliás, acomete a presentación e contextualización das tres composicións poéticas analizadas ao longo da obra. Nesta sección, Freixeiro foca a súa intervención na materia, a se remontar a 1992 cando el propio revisou toda a obra de Noriega Varela co gallo da preparación, en 1992, da súa tese de doutoramento: *Antonio Noriega Varela: vida e obra. Edición crítica*. O propio autor deixara xa constancia escrita da súa sospeita sobre a probábel non autoría de Noriega dos tres “Xuicios do Ano”, embora esta fose confirmada polo propio Filgueira Valverde, director da revista luguesa na altura. Con todo, explica Freixeiro, non sería até 1999 cando considerou a posibilidade de ser o polígrafo pontevedrés o que na realidade redixira os polémicos textos, facéndolle cargar coa súa autoría ao poeta da montaña (Freixeiro, 2006).

A seguir, no capítulo intitulado “Noriega Varela e Filgueira Valverde na Segunda República e durante a Guerra Civil” (páxs. 14-24), Freixeiro examina a situación dos dous escritores durante a década dos 30, co foco na súa actividade política e literaria. Así pois, subliña o feito de tanto Noriega canto Filgueira manterem coherentemente a súa ideoloxía tradicionalista e católica durante toda a década ao se adheriren dunha ou doutra maneira ao novo réxime franquista. Ora ben, distingue o autor entre o pensamento de Noriega, moi crítico xa desde a época das Irmandades co galeguismo, e o de Filgueira, que pola contra participou política e culturalmente neste movemento.

Continúa o autor a contextualización do traballo cunhas páxinas (25-46) en que describe a situación do calendario lucense en que foron publicados os tres poemas cuxa autoría estuda na obra. Este capítulo, “*O Gaitero de Lugo* na década de 30”, céntrase na popularidade do curto xornal, que se viña publicando todos os anos desde 1857 e que, na altura da publicación destes tres “Xuicios do Ano”, estaba presente en moitos fogares galegos, nomeadamente nos labregos. O autor foca tamén a participación de Noriega Varela e Filgueira Valverde no mesmo, a achar que conta cunha

grande importancia para botar luz sobre a autoría das composicións. Con efecto, o autor subliña o feito de Noriega participar no xornal desde o ano 1931 até o ano 1935, en que abandonou a súa colaboración nel por un desencontro co seu propietario. En troca, Filgueira comezaría a súa intensa colaboración n' *O Gaiteiro* en 1937 e continuaría até o ano 1957, a se conservaren aínda exemplares de composicións e artigos da súa clara autoría. As seguintes dez páxinas (47-57) conteñen os tres “Xuícios do Ano”, que o autor denomina A, B e C seguindo unha orde cronolóxica.

Comeza o corpo do traballo propiamente dito co capítulo 5, “Razóns que negan a autoría de Noriega Varela” (páxs. 58-66). Neste capítulo, para alén de salientar o que xa sinalara en seccións anteriores sobre o abandono da participación de Noriega no calendario lucense en 1935, desbota a posíbel autoría dos poemas por parte do poeta da montaña. As primeiras probas que fornece o autor son de natureza ideolóxica, ao se manifestar nos poemas un pensamento galeguista que Noriega non só non profesara nunca, senón que aínda condenara con dureza en produción literaria anterior. Canto aos motivos lingüísticos, a que o autor tamén dá moita importancia, salienta o feito de os textos reflectiren certas escollas impropias da linguaxe poética de Noriega, que se baseaba no modelo popular da área mindoniense. Salienta nomeadamente a existencia de diferencialismos e formas morfolóxicas do bloque occidental non detectábeis na poesía do autor, ben como escollas gráficas para algúns fenómenos contrarias ás que adoitaba usar o poeta de Mondoñedo e algunhas medidas métricas atípicas nel. Todos estes motivos, di o autor, “constitúen un argumentario suficientemente sólido para podermos afirmar, sen lugar a dúbidas, que Noriega Varela non é o autor dos ‘Xuícios do Ano’” (páx. 66).

No tocante ás probas da autoría a Filgueira Valverde, estas son expostas no seguinte capítulo, que abranxe desde a páxina 67 á 120 e que o autor intitula “Razóns da atribución a Filgueira Valverde”. Esta extensa sección foca fundamentalmente “criterios persoais e circunstanciais, ideolóxicos e lingüísticos” (páx. 67). Así pois, o autor comeza polas razóns persoais e circunstanciais que ligan Filgueira coas composicións que nos atinxen. Antes de máis nada, o autor achega testemuños relacionados coa personalidade do propio Filgueira ofrecidos por contemporáneos seus, a demostraren que atribuír os textos a outra persoa “non entra en contradición coa súa personalidade e co seu comportamento noutros casos” (páx. 70). Aliás, o autor tamén pondera o feito de o propio Filgueira borrar pegadas do seu apoio ao réxime franquista, entre os cales se incluírían tamén estes tres poemas.

Os motivos ideolóxicos para a atribución dos poemas a Filgueira, para alén da súa indiscutíbel afiliación ao franquismo, baséanse no galeguismo que subxace nos tres “Xuícios do Ano”, e que se corresponde co pensamento do polígrafo. Deste xeito, os poemas reflecten un sentimento galeguista que está presente nas obras do au-

tor anteriores á Guerra e mesmo continúa latente nalgunhas obras posteriores. Por tanto, Filgueira inseriría o seu pensamento galeguista no novo réxime, algo non descartábel por estar este xa supeditado, como indica o autor, aos seus principios tradicionalistas e ultracatólicos.

Finalmente, Freixeiro expón os motivos lingüísticos que demostran a autoría do polígrafo pontevedrés, moí en consonancia cos que antes salientara para negar a autoría de Noriega. Para isto o autor utiliza fragmentos dos tres poemas e compáraos con anacos doutras obras da autoría de Filgueira, quer literarias, quer ensaísticas. Este estudo lingüístico foca, xa que logo, toda a clase de trazos lingüísticos que estes poemas partillan coa obra de Filgueira, sexan estes de carácter gráfico-fónico (páxs. 85-97), morfosintáctico (páxs. 97-104) ou lexical (páxs. 97-119). Todos eles, subliña o autor, semellan apuntar para unha linguaxe con base na variedade do galego occidental e na procura dun galego culto e diferencialista, características que, alén de se atoparen no resto de obras de Filgueira, son identificábeis cos principios do galeguismo das Irmandades da Fala que o escritor partillara durante boa parte da súa vida.

En suma, este volume de Freixeiro Mato ten como obxectivo único demostrar que os tres poemas publicados n’*O Gaiteiro de Lugo* en 1937, 1938 e 1939 son da autoría de Filgueira Valverde e non de Noriega Varela, como outros autores viñeran considerando até o momento (Alonso Montero, 1997; Rodríguez Fer, 1994). Por tanto, non está nas intencións do autor negar de ningunha das maneiras o apoio ideolóxico de Noriega Varela ao bando sublevado nin, aliás, criticar o polígrafo pontevedrés, que foi homenaxeado co Día das Letras Galegas no mesmo ano da publicación deste libro. Trátase simplemente, como o propio autor volta a salientar nas “Conclusións”, de lle “dar a Noriega Varela o que lle corresponde e a Filgueira Valverde o que é de Filgueira Valverde. Sen máis.” (páx. 121).

Cristian Pernas Rubal

## Referencias bibliográficas

- Alonso Montero, Xesús (1997). *Os poetas galegos e Franco. Estudio e antoloxía* Madrid: Akal.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1994). *Antonio Noriega Varela. Estudo e edición da obra completa*, vols. I e II. Lugo: Deputación Provincial.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2006). *Gramática da lingua galega*. 2ª edición. Vigo: A Nosa Terra.
- Rodríguez Fer, Claudio (1994). *A literatura galega durante a guerra civil*. Vigo: Xerais.

*Revista Galega de Filoloxía*, 2016, 17: 187-190

ISSN 1576-2661 / e-ISSN 2444-9121 